

Aprobación definitiva do padrón municipal de recollida domiciliaria de lixo anualidade 2026

ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DE LIXO ANUALIDADE 2026

Por Resolución da Alcaldía Presidencia núm. 271/2026, foi aprobado inicialmente o Padrón fiscal por recollida de lixo con referencia ao 1 de xaneiro do 2026.

Foi exposto ao público para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), os interesados puideran presentar as reclamacións que considerasen oportunas, servindo esta exposición de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria.

Transcorrido dito prazo e unha vez resoltas as reclamacións presentadas, por Resolución de Alcaldía Presidencia núm. 404/2026 foi aprobado definitivamente o Padrón fiscal polo servizo de recollida de lixo no Concello de Valdoviño do ano 2026, integrado por 5.926 obxectos tributarios e cuxo importe total ascende a 807.229,22 €, así como someter dito padrón fiscal a exposición pública a efectos de notificación colectiva conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria iniciándose o período de cobranza correspondente, en aplicación do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Así as cousas, consta inxerido no BOP número 160 o referido anuncio de aprobación definitiva do Padrón de lixo que corresponde ao ano 2026.

O que se fai público para xeral coñecemento aos efectos oportunos

En Valdoviño, a 24 de agosto do 2026

O Alcalde, Alberto González Fernández